



1999 - 2019

DISCURSO DO DEFENSOR UNIVERSITARIO

Bo día, e saúdos cordiais a todas e todos

Reitor, exReitores

Presidente do Consello Social

Vicerreitoras/es

Valedora da UDC, Valedor da USC, ExValedores

Decanas/os, Directoras/es de Centro

Presidente da Asociación de amigos da Universidade

Estudantes, Persoal de Administración e Servizos, Persoal Docente e Investigador

Amigas e amigos: ¡Moitas grazas pola vosa presenza!

XXXXXXXXXXXXXXXXXX

O Tribunal de Garantías cumpre vinte anos, un acontecemento que ben merece ser recordado e tamén celebrado.

Por iso decidimos levar a cabo diversas iniciativas que nos permitan cumprir con tres obxectivos principais.

En primeiro lugar, evocar unha historia e achegarnos a unha institución emblemática e singular dentro do sistema institucional da Universidade de Vigo.

A elaboración dun vídeo, que visionaremos a continuación, e dunha Memoria conmemorativa, da que poderán recoller un exemplar ao finalizar este acto, permitiranos coñecer a traxectoria do TG desde as orixes ata o momento actual. Neles aparecen persoas, escenarios, conceptos, ideas e informacións que mostrarán o por que e o para que do TG.

O segundo obxectivo desta celebración é ofrecer unha homenaxe a todas as persoas que formaron parte do TG ao longo destes anos, e así poder expresar publicamente, e a través da entrega dun pequeno agasallo, un sentimento de gratitude e recoñecemento a un grupo humano, que coa súa capacidade e dedicación desinteresada, coa súa cohesión e traballo en equipo, fixo posible levar a cabo todas esas actuacións que forman parte do relato destes Vinte Anos.

O terceiro obxectivo é compartir co conxunto da comunidade universitaria a satisfacción de contribuír, ao longo destes anos, á defensa e á promoción dos dereitos e intereses lexítimos do alumnado, do PAS e do PDI.

A dimensión lúdica, festiva e de confraternización deste evento, concretada coa actuación dun dúo musical referente Riobó & Pintos, e coa degustación dun aperitivo/ágape final, tamén ten outro significado que desexamos salientar: expresar a profunda gratitude do TG a todas as persoas, presentes e ausentes, que durante estas dúas décadas confiaron en nós, colaboraron con nós e mostráronos ese inequívoco respaldo expresado nesas maiorías cualificadas, outorgadas nos sucesivos procesos electorais, que nos permitiron acceder e desempeñar o cargo con tanta lexitimidade democrática.

Todas estas iniciativas tentamos levalas a cabo no transcurso deste acto, de cuxa estrutura e contidos xa nos informou a nosa Vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais.

Pero esta celebración coincide no tempo cun feito paradoxal e, en certa maneira, contradictorio. O TG moi pronto deixará de existir, ou xa deixou de existir.

Por decisión do lexislador, e como consecuencia da reforma estatutaria levada a cabo nesta universidade, o TG en canto órgano colexiado, integrado por representantes de todos os sectores da comunidade universitaria, desaparece para converterse nun órgano unipersoal, cuxa titularidade corresponderalle a partir de agora a un valedor ou valedora.

Consideramos que esta circunstancia constitúe unha razón máis para celebrar este evento. Un evento que, inevitablemente, e por este motivo, ten un certo sabor agri doce.

Pero non podemos deixarnos levar pola nostalxia, polo que queremos aproveitar esta conmemoración para expresar a nosa satisfacción polo deber cumprido, confiando que o legado do TG siga informando o día a día da nova defensoría universitaria, á que desexamos o máximo acerto e identificación co cargo, e para á que pedimos o máximo apoio e comprensión.

Esta circunstancia, marcada por un fin de ciclo, por un final de traxecto, obríganos tamén a facer un último exercicio de transparencia e rendición de contas ante a nosa comunidade universitaria, tan ben representada aquí por todas e todos vostedes.

Non é fácil condensar toda unha traxectoria que, aínda que curta no tempo, foi notablemente densa en realizacións e obxectivos acadados. A modo de balance, permítanme facer referencia a algúns deles.

En primeiro lugar, en concordancia coa natureza e funcións do cargo asumido, conscientes de formar parte dunha institución de garantías, procuramos actuar sempre co máximo respecto ao ordenamento xurídico, aos dereitos e liberdades das persoas, á súa dignidade e aos seus lexítimos desexos de mellora e calidade.

Se ben as nosas actuacións comprenden a todas as persoas que forman parte da comunidade universitaria, é preciso ter en conta que a figura do *ombudsman*, do valedor, unha prolongación do tribuno da plebe romano, sempre se ocupou moi especialmente daqueles a quen, pola súa posición, resúltalles máis difícil facer oír a súa voz, ou non poden alzala o suficiente para ser escoitada. O alumnado ocupou, neste senso, un lugar preferente na nosa axenda, ao consideralo o colectivo máis indefenso e vulnerable, sendo, por outra parte, a que dá sentido á institución da que formamos parte.

En segundo lugar, cómpre destacar que moitas das actuacións do TG ao longo destes anos estiveron moi condicionadas por circunstancias e contextos convulsos, motivados principalmente pola crise sistémica desencadeada a partir do ano 2008, e tamén por todo o proceso de adaptación ao Plan Bolonia. Estes dous feitos orixinaron un alto número de problemas, conflitos e disfuncións no conxunto do sistema universitario. Todo iso, unido a unha actitude cada vez máis reivindicativa e de denuncia -que sempre alentamos- produciu un espectacular incremento nas actuacións do TG.

Non foi fácil xestionar conflitos en circunstancias tan adversas. Intentamos achegar calma e serenidade, solucións e arranxos, legalidade e xustiza, empatía e rigor, sen renunciar xamais á imparcialidade e á independencia. Nestes escenarios tan turbulentos púxose a proba ao TG, e quedou demostrada a súa utilidade e razón de ser.

En terceiro lugar, considerando que as defensorías universitarias non deben limitarse á mera xestión do conflito, ou a supervisar e recomendar actuacións, senón que deben tamén converterse en laboratorios e centros de estudo respecto da función encomendada, o TG soubo converter a súa profesión en obxecto de estudo, divulgación e debate permanente. A elaboración e publicación de numerosas monografías, estudos e informes poñen de manifesto outra das súas realizacións características.

En cuarto lugar, sendo conscientes de que vivimos en sociedades abertas, interdependentes e globalizadas, propuxémonos traballar en rede co resto das defensorías, tanto no ámbito autonómico como transfronteirizo, estatal, europeo e iberoamericano. A opción por esta metodoloxía posibilitou unha maior información e coñecemento, e unhas sinerxías que nos permitiron ser mellores no desempeño da nosa tarefa; e posibilitou tamén contribuír a espallar esta institución noutras rexións do planeta, moito máis necesitadas que nós no que se refire á defensa dos dereitos humanos e universitarios.

Consideramos que ao TG hai que recoñecerlle ese papel destacado na promoción e na creación de todas estas redes. ¡E outro dos seus legados! Nesta tarefa non estivemos sos, xa que contamos sempre co apoio e a complicidade dos nosos colegas de Santiago e A Coruña, aquí presentes. Moitas grazas.

En quinto lugar, e partindo da idea de que nas sociedades actuais o que non se conta non existe, tratamos de dar a coñecer a institución do TG en todos os espazos e dependencias da nosa universidade, coa distribución periódica de trípticos, proxección de vídeos informativos nos monitores instalados nos centros, así como mediante a constante mellora e actualización dos contidos da páxina web. En lugar de nos agochar, que sería o máis cómodo, publicítámonos, non para facernos famosos, senón para que ninguén deixase de pedirnos axuda por falla de información.

Este é o relato dun traballo colectivo. Supervisamos actuacións; detectamos ilegalidades, malas prácticas, inercias e rutinas obsoletas e disfuncionais; recomendamos, advertimos, suxerimos e promovemos cambios e melloras; mediamos en situacións de conflito; relacionámonos e traballamos cooperativamente cos nosos colegas no marco deste escenario global e multinivel.

Procuramos, en definitiva, non defraudar e corresponder á confianza en nós depositada. Pero resulta difícil acadar a perfección, por iso mesmo, e tras este exercicio de rendición de contas, queremos pedir desculpas polo que fixemos mal e tamén polo que deixamos de facer; polos erros que puidemos cometer e polas omisións ou indecisións que puideron producirse.

Pedimos perdón por non ser, quizais, máis atrevidos e arriscados no que respecta á formulación de propostas e recomendacións, aproveitando esa posición estratéxica que ocupa o TG, en canto conciencia crítica e observatorio independente e imparcial da vida universitaria. Consideramos que a indecisión ou a compracencia enterraron milleiros de sonos e oportunidades de cambio ao longo da historia da humanidade.

Queremos expresar tamén a nosa frustración por aquelas situacións nas que, aínda recoñecendo que se cumpría a legalidade, quedamos coa dúbida de se esta concordaba ou non coa idea de xustiza.

Desexamos, por último, e como resultado dunha experiencia e un coñecemento adquirido ao longo destes anos, expresar unha profunda convicción: **se non existise esta institución de garantías, habería que inventala**. Si, se non existise esta institución tan singular, e distinta do resto dos órganos de goberno, e que é obxecto de tan variadas denominacións, todas elas moi eufónicas (defensoría, valedoría, procuradoría, proveduría, ouvidoría), habería que inventala, para así poder atender todas esas situacións de marxinação, exclusión, expulsión, desigualdade e indefensión existentes no seo das nosas sociedades, e en todas as súas escalas.

Remato a miña intervención dando as máis expresivas grazas a todas as persoas que colaboraron, de xeito tan entusiasta e desinteresado, na preparación deste evento. Podo asegurarlles que todas e todos eles traballaron arreo, sabendo que a consigna era clara: a celebración deste evento era innegociable.

Por último, permítanme expresar a título persoal un sentimento. Infinitas grazas á Universidade de Vigo por darme tanto ao longo destes anos, e por brindarme a oportunidade de poder corresponderlle coas miñas modestas achegas, tanto desde a Ciencia Política e da Administración, como desde o Tribunal de Garantías.

¡¡¡MOITAS, MOITAS GRAZAS, E ADEUS!!!